

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº102/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de febreiro / Estado de entroido auniense

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



O Pazo de Lourizán puido ser o Centro de Interpretación do Parque Nacional. Agora Gran Hotel con vista a Ence. Páx. 1

Estrañas formacións de area nas rochas da Praia das Dornas. Páx. 1



Grave deterioro dos camiños da Illa polos temporais deste ano. Páx. 2



O barco de Alvarito non se quere xubilar aínda. Páx. 3

José M. Dopazo Entenza, xunto cos veciños de Ons, van revitalizar o entroido na Illa, esquecido dende hai 50 anos. Páx. 4

ENTROIDO NA ILLA DE ONS

DOMINGO 2 DE MARZO



Imaxe: Staffan Mörling

12.00 h Saída do entroido e as máscaras
14.00 h Fiada con Arredor da Tradição
15.30 h Saída dos mudados

Saída 10.30 h - Volta 18.00 h



oEntroido#moveBueu

Asociación de Veciños e Amigos da Illa de Ons

COLABORA:



O noso querido Alfredo, integrante hai anos da Orquestra "A Illa e Nosa", tocando o seu acordeón en Alalá. Páx. 5




Veñen de deixarnos dous importantes aunienses. Páx. 5



O Faro de Ons está á espera dos seus salvadores culturais.

Páx. 6



PAZO DE LOURIZÁN e ILLA DE ONS

Este pazo ten unha profunda historia que habería que investigar exhaustivamente e dar a coñecer. Pertenceu a un potentado, *Francisco Genaro Angel* (1791), que tivo moito que ver na historia contemporánea da **Illa de Ons** (xa o teñen explicado na revista *AUNIOS*). Sen embargo, a importancia déronlla posteriormente, cando foi mercado por Eugenio Montero Ríos (1879). Nesta época, a finca chegaba ata o mesmo mar (hoxe ocupado por ENCE). Pasou por varios donos ata que na década de 1940 foi adquirido pola Deputación de Pontevedra. No 1973 pasou a formar parte do Instituto Nacional de Investigación Agraria e, en 1984, pasou a mans da Xunta de Galicia. Desde 1991 unha mínima parte del esta dedicada a Centro de Investigación Ambiental e Forestal, quedando o resto do edificio nun completo abandono. Houbo, sobre todo nos últimos anos, moitas voces que se alzaron contra o deterioro, que ía a máis cada ano, deste singular edificio e pedindo solucións ao respecto.


Nun momento dado, falouse da posibilidade de que fose o *Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas*. A idea era fantástica en todos os sentidos, ata que, con moi bo criterio, saltaron as críticas: Un centro de Interpretación dun Parque Nacional tendo de fronte dúas industrias moi contaminantes: Ence e Elnosa? Loxicamente, recuaron e este Centro foi levado para Vigo, nun edificio que deixa moito que desexar pola súa situación e espazo.

Cando o Pazo de Lourizán estaba a sufrir un deterioro máis que grave, **Pineiróns** e dende o minixornal **Onstopus** deron, un berro para que se lle buscaran solucións adecuadas e, como fan sempre, non quedou só nunha exclamación, senón que propuxeron unha alternativa: *Centro de Interpretación das Illas do Parque Nacional e das Rías Baixas*.

Esta idea, debido á amplitude do edificio, podería ser complementada con outros espazos dedicados a diversas temáticas informativas e, sobre todo, contando cunha ampla sala para exposicións e actos culturais.

Non sei se tan sequera a leron, pero o certo é que en pouco tempo, comezou unha axitación popular e, ata institucional, por este Pazo e, as cabezas pensantes da Xunta, buscaron unha solución: HOTEL, RESTAURANTE, CAFETERIA,..., cunha parte, iso si, dedicada a temas culturais (Os asistentes teñen onde durmir e comer: hotel-restaurante) e unha ampla zona nas aforas, dedicado a xardíns, iso si tamén, con abundante arboreda e arbustos cara ao mar, o suficientemente altos, para que non se vexa a magnífica “basílica” que está a orelas do mar, ocupando o espazo do que antes gozaba a familia de Montero Ríos. O malo, pensan os cidadáns que pagan os seus impostos, é que a Xunta vai dedicar unha importante cantidade de cartos na súa restauración, perfecto, pero para logo entregalo a un particular ou empresa privada para dedicalo a beneficio propio? Que cada quen o enfoque como queira!!!

O malo, é que moitos están pensando que, co *Faro de Ons*, o organismo que o xestiona, vai tamén a abandonalo. Despois a Xunta porá unha boa cantidade de cartos para arraxalo e, ao final, cederano a unha empresa privada que o dedicará..... a que?





Fotos: Pazo de Lourizán en 1914. A familia de Montero Ríos. (Museo de Pontevedra. Faro de Vigo).



Estrañas formacións nas rochas ao norte do peirao da Illa de Ons, que parecen corais de area.

Preguntando, dixeron que podería ser feitas por colonias de vermes poliquetos.

Ocupaban unha importante parte desa zona preto da Praia das Dornas. Curioso.



Fotos: Esquerda: Subida cara ao Campamento da Xunta, vese ao fondo. Centro: Baixada dende o Campamento cara ás casas do barrio de Pereiró. Dereita: Baixada á praia de Pereiró.

SITUACIÓN DOS CAMIÑOS DO BARRIO DE PEREIRÓ. ILLA DE ONS

(febreiro de 2025)

Estas fotos do barrio de Pereiró, veñen demostrar que, un ano máis, a rixida meteoroloxía que se dá en Ons durante a tempada de outono a verán, provoca alteracións importantes nos camiños aunienses.

Non é un caso illado, e a Consellería de Medio Ambiente sábeo perfectamente, porque, se poñemos as fotos de invernos de hai dez anos a esta parte, que enviaron tanto a Parques nos informes de Pineiróns e as que saquei nos últimos catro neste Onstopus, comprobamos que este espazo sofre todos os anos estes estragos (Olla, ao igual que outros camiños de illa). Anualmente a Consellería arránxaos dun xeito do máis precario e, ao ano seguinte, de novo as mesmas alteracións. Uns gastos inútiles que demostran a incompetencia dos responsables políticos deste Parque Nacional.

Nas declaracións de intencións que todos os anos presenta a Dirección Xeral de Patrimonio Natural por medio do Organismo Fantasma (PADROADO) está o arranxo definitivo destes camiños aunienses, pero o seu arranxo permanente nunca chega, aínda que fose un camiño ou zona por ano.

Fan unha preparación puntual, porque por ese camiño das fotos, van pasar os rapaces que acudirán durante xullo e agosto aos Campamentos que organiza a Xunta de Galicia, e non vaia ser o caso de que algún rapaz rompa un nocello, sufra unha caída grave, esnaquice un xeonllo,...., polo mal estado do sendeiro e iso poda traer unha mala imaxe para Xuventude (organismo responsable dos Campamentos) e polo tanto para os políticos da Xunta de Galicia.

Estamos xa ás portas da Semana Santa e aínda non comezaron as obras prometidas cun custo subvencionado de máis de 1'5 millóns de euros, que deberían estar realizadas hai dous anos. Nese paquete, estaban os arranxos dos camiños da illa, pero aínda non comezaron.

(Fotos: Juan J. Comesaña)

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2025/02/19/vecinos-ons-urgen-arreglo-camino-114447909.html>

Estragos dos temporais que suceden anualmente e aos que só se lle buscan arranxos puntuais.



Foto da **esquerda**, a praia das Dornas que recibe a auga que vén da costa de Curro e que fai estragos na area da praia.



Foto do **centro**, os fortes ventos que nos últimos anos nos ofrecen as danas, provocan que moitos dos cables do tendido eléctrico sufran danos que causan graves cortes de luz.



Foto dereita, Outra costa máis que vai dende a entrada do Centro de visitantes á pasarela que chega á Praia de Area dos Cans. Debido á pendente e ao mal estado do terreo, hai que facer espazo para que corran as augas, con ponte e todo.



Se no anterior Onstopus, era un choco de máis de 3 kg., aquí de novo Alvarito cun congro completo.

Un gran pescador, que xa, dende pequeno, dixéronlle que ía a chegar moi alto, no mundo do mar.



Os mariñeiros, bos “amigos” de Alvarito, xogáronlla ben, cando a fin de semana que decidiu ir ata Ons para ver como estaba a

casa despois dos temporais e aireala un pouco.

Atopábase en Ons, en faenas de limpeza, cando comezou a soar o teléfono, preguntándolle en canto vendía a súa lancha.

Á primeira chamada, contestou que non estaba en venda, pero ao sonar a segunda e logo a terceira, desconfiou, e preguntou cal era o motivo de pensar que a vendía. Contestáronlle: - *Polo cartel que ten o barco.*

Máis intrigado aínda, chamou a un parente para que se achegara ata o peirao de Cangas a ver se había algo e, efectivamente, mandáronlle unhas fotos. A súa magnífica e mariñeira lancha estaba en venda por xubilación.

Hahaaaaaaa. Boa lla gastaron!!!

Quedou á espera e, cando sonou o teléfono de novo preguntando pola lancha, no canto de enfadarse, comezou a chanza:

- *Pois si, está en venda.*
- *E canto pide por ela.*

- *Pois, 1.000.000 €*
- *Que barbaridade!!! Pero se é unha planadora pequena cabinada.*
- *Si, pero, é unha embarcación biónica. Mire, ten varios interruptores, segundo a arte á que vaia faenar. O primeiro, pois foi ao que máis me dediquei, é para ir ao percebe. Non te tes que preocupar de nada, só escribir na pantalla que ten, o lugar a onde queres ir traballar e, mentres vistes o traxe de ra, xa che leva ela ao sitio. Ao chegar, cos seus mecanismos, mira que zona é a máis poboada de percebe bo, e avisa cunha luz azul que estás na posta. Saltas á rocha e ela sepárase a lugar seguro mentres apañas o material. Cando tes a cota apañada, asubíaslle e vai a buscarche, esperando o momento adecuado, segundo como estea o mar, para que saltes. Iso si, escoller o percebe, tes que facelo ti. Si é o tempo de centola, igual, escribes na pantalla e xa se encarga ela de levarche ao punto adecuado. Ti só tes que botar a rede pola popa, e ela, encárgase de levar a dirección perfecta por onde están. Tan pronto nota que a rede está chea para poder levantala ben co alador, avisa. Subes a boia de inicio, pos a rede sobre o alador e ela encárgase de subir o material a bordo, iso si, despois tes ti que desemmallar. Cando tes as centola a bordo, vas pasando pola pantalla as centolas dunha en unha, se pon cor verde, para o capacho, se o pon vermello, para o mar, está baleira. E así con todas as artes coas que vaías pescar. Só tes que darlle ao interruptor do robalo e sargo; ao do linguado, rodaballo e raia; ao do polbo e choco;..., nunca falla. O dito, en menos dun mes, tes o barco desquitado. Véndoo porque vou xubilarme e a familia xa está rica de máis e queren vivir de rendas. Que me dis? Se che interesa, achégate polo peirao que estou na caseta estibando unhas nasas. Oes, oes, oes!!! Estás aí? Escóitasma?*

Ao non obter resposta, cortou a chamada e dixo: - *Que che dean, ides a vacilarme a min!!!*
Alvarito, gran amigo e boa persoa, pero: ***A vaquiña polo que vale!!!***



UNHA FRANCADE DE COLECCIÓN

Cando estaba Alvarito en faenas de limpeza, a carón da casa auniense, atopou este antigo aparello de pesca, francada, que estaba medio soterrado. Colleuno co fin de ver se interesa aos responsables de Parques para o centro de Visitantes para exposición de artes de pesca auniense.

CHARLA
“OS ENTROIDOS DO MORRAZO”



JOSE MANUEL DOPAZO ENTENZA



QUETA MOLAS

28 DE FEBREIRO
20:00H ATENEU SANTA CECILIA




CHARLA SOBRE OS ENTROIDOS NO MORRAZO (25/02/2025)

O Ateneo Santa Cecilia de Marín, organiza para o venres 28 de febreiro, entre os seus actos dedicados ao Entroido marinense, unha charla sobre “*Os Entroidos no Morrazo*”.

A carón de Queta Molas, o filólogo **José Manuel Dopazo Entenza**, que leva xa uns cantos anos investigando sobre a cultura popular de Ons, falará e reivindicará o Entroido de Ons que deixou de facer no ano 1975.

ENTROIDO NA ILLA DE ONS
 DOMINGO 2 DE MARZO



Imaxe: Staffan Mörling

12.00 h Saída do entroido e as máscaras
 14.00 h Fiada con Arredor da Tradición
 15.30 h Saída dos mudados

Saída 10.30 h - Volta 18.00 h



oEntroido#moveBueu





Domingo 2 marzo - Carnaval
Cocido gallego en la Isla de Ons
 Viaje en barco a la Isla de Ons con ruta guiada



Menú completo (sopa, cocido, bebida, postre y café) y con animación tras la comida

Salida de Bueu: 10:30h
 Regreso desde Ons: 18:00h
 Precio: 40€ / 20€ (4-12 años)

Información y reservas:
www.piratasdenabia.com
 986 32 00 48

*Precio por separado: barco (16€) y cocido (25€)
 **Consultar opciones de alojamiento: 986 43 35 30





CELEBRACIÓN DO ENTROIDO NA ILLA DE ONS (25/02/2025)

Despois de 50 anos sen celebrarse e grazas ao empeño do filólogo e investigador **Jose M. Dopazo**, este ano vaise levar a cabo a recreación de como se festexaba en Ons, antigamente, o Entroido.

Unha fantástica iniciativa que tivo eco nos veciños, no concello de Bueu e en Parques. Nun principio ía ser unha celebración de tres días pero, por ser a primeira vez e querer comprobar como se desenvolve coa veciñanza, deixárono nun só día. Esperamos, de corazón, que sexa un éxito e que en anos sucesivos vai en aumento.

Aproveitando o acontecemento, aínda que xa tiñan en mentes realizar un cocido de carnaval, Nabia e Casa Acuña, propuxeron unha festa gastronómica de Entroido, a base de Cocido, o que animará a celebración do Entroido na Illa.

Dende casa Acuña alentaron aos veciños que se acheguen ao xantar, a que veñan disfrazados.

ALFREDO, UN DOS MEMBROS DA ORQUETRA “A ILLA É NOSA”

Cando me atopaba vendo na TVG2 o martes 25, o programa “Alalá”, en plena acción musical estaba un gaiteiro de Aldán, acompañado de percusión e, ao seu carón, Alfredo (encargado de mantemento do Cámping de Ons), que co seu acordeón foi durante anos, integrante a Orquestra Auniense de fama internacional “A Illa é Nosa”.

CURIOSIDADES

Dous puntos emblemáticos da Illa de Ons representados nun décimo da lotería nacional e nun cupón da Once. Trátase da praia nudista de Melide e o Faro. **A praia de Melide**, por obra e graza da administración, deixou de ser nudista total, cando foi unha das primeiras de Galicia. O Movemento Nudista, deixouna e tena abandonada. **O Faro**, agora automatizado, estamos á espera de coñecer o seu futuro. Esperemos o dediquen a temas culturais.



OBITUARIO

Por desgraza, despedimos neste mes de febreiro a dous aunienses que formaban parte desa estirpe de veciños de Ons que fixeron forte esta fermosa illa e que, ademais de axudar a erguela ao máis alto co seu esforzo e traballo, foron loitadores polas súas raíces e a súa cultura popular.

O 16 de febreiro deixounos **Manuel Otero López** e o 19 **Lucía Sampedro Dios**. DEP



Capturando un fermoso exemplar de raia.



O Sardiña á pesca do polbo. Despois de pescalo, toca mazalo, limpalo ben e comelo. Era todo un esperto.

MANUEL OTERO LÓPEZ

Coñecido, cariñosamente en Ons, como “*Sardiña*”, xa que, segundo contan, era un bo nadador.

Era un dese mariñeiros aunienses que se criou nas praias de Ons, tendo que ir ao mar dende moi mozo, iso fíxoo un gran mariñeiro.

Como todos os veciños illáns, tivo que emigrar ao continente, concretamente a Bueu, pois coa merca do seu barco, de nome “*Sardiña*”, víase na obriga de buscar un porto de abrigo.

A súa embarcación, pasou a formar parte dese grupo de excelentes barcos mariñeiros que deu esta illa, como: O Platuxa, Envidioso, Mar de Ons,..., Xa me Vedes,... e o Rosa dos Ventos.

Manuel Otero xubilouse hai uns anos, pero o seu mundo era o mar e mercou unha dorna, matriculouna na 7ª Lista e dedicábase á pesca deportiva para entreterse e traer un peixe fresco a casa. A adversidade fixo que nunha mala manobra ao acender o motor, o barco comezara a xirar, caera ao mar, non fora quen de poder subir de novo a el e que, neses intentos, recibira un golpe que deixouno inconsciente, provocando o seu afogamento.

Un auniense máis que se nos vai. Dende aquí, envío unha forte aperta a toda a súa familia.



LUCÍA SAMPEDRO DIOS

Cando cheguei a Ons, hai xa 50 anos foi, a familia de Lucía Sampedro e Manuel Reiriz, a primeira que coñecín e coa que inicié unha importante amizade.

Acampei no barrio de Caño, onde eles vivían e, en nada, as familias dese barrio: Aurita e Miro (cuñados de Lucía) e a dos seus sogros Juanita e José, pasaron a formar parte do que podería chamar a miña familia auniense.

Compartiamos moito tempo xuntos, eu leváballes peixe e eles proporcionábanme patacas, cebolas, allos,... Participaba con eles en todas as tarefas necesarias daqueles anos na casa: Transportar auga dende a fonte, procurar leña, axudar a tirar do carro de man cargado de patacas dende as leiras,...

Unha boa harmonía que facía moi levadía a vida estival na Illa.



As familias do Caño (Miro-Aurita e Lucía-Manolo), eran moi naturais, sinxelas e acolledoras. Tiñan unha sabedoría popular increíble e mantiñan as tradicións tal e como as herdaran dos seus antepasados. Con elas, pero sobre todo con Lucía, tiven a sorte de poder recoller un mundo de historias que formaban parte da máis profunda cultura popular auniense. A carón de lendas, contos, supersticións, tradicións,..., puiden coñecer, a difícil vida auniense, a facer pan, xabón, métodos de conserva do peixe,..., diferentes receitas, sobre todo de sobremesas autóctonas,... Aínda que nos últimos anos estivemos un pouco distanciados, podó asegurarse que a levo no meu corazón. A un ano de cumprir os 100, deixounos. D.E.P. **Na foto:** de esquerda a dereita: **Miro, Aurita, o fillo pequeno destes Berto, Lucía e Manolo.**

FARO de ONS

Guía dos Mariñeiros

Autoridade Portuaria de Marín

Parque Nacional das Illas Atlánticas

Consellería de Medio Ambiente

Consellería de Cultura

Deputación de Pontevedra

Concello de Bueu

...

Sigo á espera...

